



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Literatura Española do Século de Ouro 2	Código	613G01026	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Martinez Lopez, María Josefa	Correo electrónico	maria.josefa.martinez@udc.es	
Profesorado	Martinez Lopez, María Josefa	Correo electrónico	maria.josefa.martinez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O obxectivo desta materia é ampliar o estudo de autores e obras dos séculos XVI e XVII, completando o panorama básico ao que alumno accedeu na materia «Literatura Española» de 2º de Grao. A materia ocúpase das produccions prosísticas do Século de Ouro, con un enfoque histórico-filolóxico. Preténdese desenvolver a capacidade de lectura comprensiva e crítica e a capacidade de relacionar os aspectos históricos, culturais e estéticos. Do mesmo xeito, preténdese que o estudante acade dominio técnico na análise de textos literarios desta época.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Ter un coñecemento das produccions culturais da Humanidade (Arte, Pensamento, Literatura)	A2 A7 A15 A17 A18	B3 B6 B8	
Coñecer os principais autores do Século de Ouro español, e valorar criticamente as súas produccions (particularmente os textos en prosa).	A17 A18		
Coñecer as técnicas e método de traballo e análise da ciencias humanas e sociais	A1 A10 A11 A16	B1 B2 B7	C6
Valorar criticamente a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que debe afrontarse e ser capaz de aproveitala para aprender e desenvolver o coñecemento		B1 B2 B7	C3
Ter capacidade para comunicar os coñecementos adquiridos	A5	B4 B10	C1
Traballar de forma autónoma e con iniciativa			C5
Utilizar as TIC'S para o exercicio como ferramenta de aprendizaxe			C3
Capacidade para interrelacionar os distintos ámbitos da Filoloxía e da Cultura	A9	B5	C6

Contidos	
Temas	Subtemas
Introdución	1. Contexto histórico-filolóxico. 2. Modelos e xéneros prosísticos.



Prosa do século XVI	<ol style="list-style-type: none"> 1. Prosa humanística: (diálogo, epístola, misceláneas, outras). 2. Prosa de ficción 1: pervivencia de xéneros medievais. 3. Prosa de ficción 2: os xéneros novos. Literatura pastoril e picaresca, etc.
Prosa do século XVII	<ol style="list-style-type: none"> 1. Prosa cervantina: El Quijote. Novelas ejemplares 2. Prosa intelectual e moral: Quevedo, Los sueños

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A7 A16 A17 B1 B3	0	60	60
Aprendizaxe colaborativa	A1 A2 A5 A10 B2 B4 B5 B8 C1 C3 C5	15	0	15
Sesión maxistral	A17 B5	21	0	21
Obradoiro	A1 A2 A5 A9 A10 A11 A15 A17 B1 B2 B3 B4 B6 B7 C1 C6	15	15	30
Actividades iniciais	A1 A2 A5 A9 A11 B7	3	0	3
Proba mixta	A1 A9 A11 A17 C1 C6	3	15	18
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	O estudante terá que realizar ao longo do cuadrimestre as lecturas relativas ás fontes primarias e secundarias da materia. A lectura das obras deberá estar finalizada con antelación ao momento no que comece a súa explicación nas aulas de aprendizaxe colaborativo. As lecturas deberán facerse seguindo a selección realizada polos profesores que o estudante atopará na reprografía da Facultade. No caso de obras máis extensas, haberá que seguir as edicións que se mencionan na bibliografía desta guía. É importante que todos os estudantes conten coas mesmas edicións, alén da calidade filolóxica dos textos recomendados, para facilitar o seguimento das explicacións na aula e as correccións posteriores de traballos e exames. Na introducción a cada unha das seccións, proporcionarase ao estudante unha selección de textos de bibliografía secundaria para a contextualización dos temas.
Aprendizaxe colaborativa	Ao non existir na nomenclatura da guía a correspondente á disciplina filolóxica de comentario de texto literario, adoptase esta denominación. Semanalmente haberá unha sesión interactiva na que se realizarán actividades relativas á aplicación metodolóxica do comentario de texto literario aplicado aos textos obxectos da materia. Para realizar esta actividade, o estudante deberá ter traballado previamente o texto proposto para a análise de xeito a poner en común os resultados do seu traballo.
Sesión maxistral	Haberá unha sesión maxistral por semana de noventa minutos de duración. A responsabilidade desta sesión recae sobre os profesores. Os obxectivos das sesións serán a exposición dos rasgos máis salientables para os períodos literarios abordados dos xéneros e autores estudados
Obradoiro	O obradoiro consistirá nunha serie de traballos prácticos. O alumnado realizará comentarios, discusións dirixidas, análise de documentos e proposta razoada de investigación sobre un tema determinado.
Actividades iniciais	
Proba mixta	Na data oficial marcada polo Centro, o estudante realizará unha proba na que demostrará os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos ao longo do curso.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Aprendizaxe colaborativa	Ao longo do cuadrimestre fixaranse as sesións de titorías con cada un dos estudantes para supervisar o traballos tutelados e dar as orientacións relativas á aprendizaxe colaborativa.
--------------------------	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A2 A5 A9 A10 A11 A15 A17 B1 B2 B3 B4 B6 B7 C1 C6	A asistencia e a participación activa do alumnado nas sesións interactivas de aprendizaxe colaborativa e obradoiro será controlada e avaliada de xeito continuado. A avaliación consistirá na realización de dous comentarios literarios de textos prosísticos por valor de 20% cada un (20% + 20%), sumando estes dous exercicios o 40% do total das probas avaliadas. As probas terán lugar en horario lectivo nas datas que se indicarán no cronograma da materia.	40
Proba mixta	A1 A9 A11 A17 C1 C6	Consistirá nunha proba teórica e práctica que medirá o aproveitamento da materia por parte do estudante. Os criterios de avaliación serán: adecuación da resposta á pregunta formulada, estruturación do discurso, corrección léxica, ortográfica e gramatical. Para superar a materia, a calificación mínima desta proba deberá ser de 4 puntos sobre 10.	60

Observacións avaliación
<p>Non se poderá aprobar a materia sen ter unha calificación mínima de 5 sobre 10 en la prueba mixta.</p> <p>MOI IMPORTANTE: o alumno será avaliado e calificado sempre que se presente á proba mixta. Recibirá a calificación de "NON PRESENTADO" cando non se presente ao exame.</p> <p>Na segunda oportunidade (xullo) os estudantes que suspenderen deberán repetir a proba mixta no lugar e horas fixados polo Centro; o valor da proba mixta na segunda oportunidade será de 100%.</p> <p>Os alumnos que teñan recoñecida a dispensa realizarán as seguintes probas: proba mixta (60%) e traballo tutelado (40%). Se abitarán de acordo co alumno todas as medidas de atención necesarias.</p> <p>Na convocatoria adiantada a avaliación consistirá nunha proba mixta por valor do 100%.</p> <p>Calquera forma de plaxio, tanto na proba como nos exercicios suporá o suspenso (nota numérica 0) para o conxunto da materia na convocatoria que corresponda (Regulamento disciplinar do estudantado, art. 11, apartado 4b). O control farase mediante o programa de detección de plaxios Turnitin, autorizado pola Xunta de Facultade.</p> <p>A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade. De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuadrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoxía (no seguinte enderezo electrónico: pat.filoxia@udc.gal).</p>



Fontes de información

Bibliografía básica	Lecturas obligatorias. S. XVIII Montemayor, Jorge de Los siete libros de la Diana, ed., J. Montero, B. Crítica, 1996; ed. A. Rallo Gruss, M. Cátedra, 1991 (selección). Valdés, Juan de, El diálogo de la lengua, ed., L. Pons Rodríguez, M. BCRAE, 2022. Lecturas obligatorias. S. XVII Alemán, Mateo, Guzmán de Alfarache (1ª parte), ed. L. Gómez Canseco, B. Galaxia Gutenberg, 2012; M. Akal, ed. B. Brancaforte, 1996; M. Cátedra, ed. J. M. Micó, 1992/94; B. Planeta, ed. F. Rico, 1987. Cervantes, Miguel de (1998) El ingenioso hidalgo don Quijote de la Mancha ed., F. Rico; ed., Luis Murillo, M. Castalia, 1978. Cervantes, Miguel de, Novelas ejemplares, ed. J. García, B. Crítica, 2005; ed. H. Sieber, M. Cátedra, 1994; ed. J. B., Avalor Arce, M. Castalia, 1982. Quevedo, Francisco de, Los sueños, ed. J. O Crosby, Madrid, Castalia, 1993 (selección de la profesora).
Bibliografía complementaria	ALBERICH, J. et al., dir (1990) Historia de la Literatura Española, Madrid, Cátedra, 2 vols. CARRASCO URGOITI, S., F. LÓPEZ ESTRADA y F. CARRASCO, (2001) La novela española en el siglo XVI, Madrid, Iberoamericana- Vervuert. MAINER, J. C., dir. (2009) Historia de la literatura española, vol. 3 (de 1598 a 1691), Pedro Ruiz (coord.), Crítica. PEDRAZA, F. B. y M. Rodríguez (1990) Las épocas de la literatura española, Madrid, Ariel. PRIETO, A., (1986) La prosa española del siglo XVI, Madrid, Cátedra. RALLO GRUS, A. (1987) La prosa didáctica en el siglo XVI, Madrid, Taurus. RALLO GRUS, A. (1988) La prosa didáctica en el siglo XVII, Madrid, Taurus. RICO, F. dir. (1994) Historia y crítica de la literatura española, Barcelona, Crítica, vols. II, III y suplementos. RODRÍGUEZ CACHO, L. (2009) Manual de historia de la literatura española, Castalia, vol 1.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución aos Estudos Literarios/613G01005

Lingua e Cultura Clásica/613G01006

Literatura Española/613G01011

Literatura Española Medieval/613G01022

Literatura Española do Século de Ouro 1/613G01023

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías